



"Todo é susceptible de CARME KRUCKENBERG

A viguesa Carme Kruckenberg é unha comunicadora global. Dende os seus primeiros pasos escribindo cantigas aos 16 anos o súa primeira representación teatral, con tan só 11 anos, da mano dunha obra de Cunqueiro, "Os músicos improvisados" pasaron moitos anos. Tempo moi productivo que segue a ter ocupada, agora co libro número 27 de poesía que presentará neste ano. Kruckenberg pensa en feminino, en galego, en internacional, pero sempre pensa no tempo, unha das cousas máis repetidas na súa obra.

-Cómo se iniciou no mundo da poesía?

-Comecei a ler dende os 12 anos, ler en serio, cancioneros galaico-portugueses, franceses e incluso italianos, aparte do Sur de Francia, o que ven sendo o catalán. Aí comenzo a miña andaina lendo poemas galegos. Daquela falaba catro idiomas e resultábame moi doado facelo no meu idioma natural. Meu pai nunca me trouxo cómics, sempre me agasallou con libros e o primeiro que lin foi "La isla del tesoro". Meu pai tiña unha máquina que facía cine e cos amigos víamos películas de Charlot, polo que sempre estiven ligada ca cultura. Ós 16 anos comencei a escribir cantigas, que máis tarde recibirían o nome de "Cantigas do vento" e a partires de aí comecei a escribir en serio. O meu primeiro libro, en galego, foi publicado ós 14 anos, despois de formar Galaxia. E dende entón seguí escribindo ata hoxe que estou a traballar no meu número 27 de poesía.

-Un poeta, un comunicador de sentimentos, nace ou faise?

-Penso que nace, pero despois faise. Podes nacer sendo músico ou escultor pero hai que traballar. Non te podes quedar cos primeiros versos románticos, eu non o fixen.

-Cómo definiría a súa relación coa creación literaria?

-Conmigo mesma teño unha relación bastante boa, relación esporádica xa que non se pode escribir tódolos días. Por exemplo, o libro no que escribín acerca de tódolos músicos de jazz que marcaron a miña vida escribino en 40 días.

-A poesía é máis feminina que masculina?

-Non, nin ten que ser feminina nin masculina, ten que ser unha boa poesía, aqueles anos pasados de diferenza eran anos realmente nos que se notaba a literatura dunha muller xa que a muller tiña menos cultura. Hoxe en día, unha muller pode escribir un libro de poesía mellor ca un home. Hai xente que segue escribindo coma no século XIX con frases que non se utilizan para nada e sen diferenza da outra época en mentalidade.

-Galicia e as súas xentes son una boa fonte de inspiración?

-Galicia é a miña patria, onde nacín, creime, a orixe da familia da miña nai dende o século XVI, é mo meu fogar, a miña vida. Góstame viaxar, coñecer e góstanme os países que visito, pero como moito en dous meses teño que voltar a Vigo. Debe ser morriña, é parte da miña vida. Dixen unha vez que se escribín co apelido do meu pai en vez do co miña nai, San Xurxo de Montenegro, é porque quero facer de Kruckenberg, un apelido galego. Estou facéndoo galego.

con la venia

-Nombre completo.

-Carme Kruckenberg

-Defínase como persoa.

-Defínenme as palabras melancolía, soidade e humor.

-Unha manía inconfesable.

-A limpeza, pero é confesable.

-Un lugar no que perderse.

-O Caurel.

-Un obxecto de deseo tanxible ou intanxible.

-Coñecer Australia e así coñecelos cinco continentes.

-Unha persoa admirada.

García Lorca e Castelao.

-Un recordo da súa niñez.

-A primeira viaxe a Alemaña.

-Unha afición.

-Escribir, pintar e facer esculturas.

-A canción da súa vida

-Unha canción de jazz de Mahalia Jackson.

-Unha película

-Gosta Berling con Greta Garbo.